Programación. 2º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	CMCCT CD CAA CSIEE
bdgil	B2.4. Instrucións básicas: movemento, aparencia, sons e debuxo.	B2.2. Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións básicas.	PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	CMCCT CD CAA CSIEE
bdgil	B2.5. Instrucións de control de execución: condicionais e bucles B2.6. Operadores aritméticos e lóxicos.	B2.3. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións iterativas.	PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	CMCCT CD CAA CSIEE
			PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	CMCCT CD CSIEE
bdgil	B2.7. Estructuras de almacenamento de datos. Variables e listas.	B2.4. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	CCL CMCCT CD
			PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.	CMCCT CD CAA CSIEE
bdgil	B2.8. Instrucións de manexo de controis, sensores e eventos.	B2.5. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando controis, eventos e fíos.	PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos.	CMCCT CD CAA CSIEE



Programación. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d g i l	B2.9. Execución. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. B2.10. Depuración e documentación de programas.	B2.6. Verificar o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	CMCCT CD
			PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	CMCCT CD
Bloque 3. Programación web				
a b d e f g i l n	B3.1. Linguaxes de marcas para a creación de documentos web.HTML. B3.2. Accesibilidade e usabilidade en internet.	B3.1. Empregar os elementos das linguaxes de marcas para crear contidos accesibles.	PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas.	CCL CMCCT CD CSC CCEC
			PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas.	CCL CMCCT CD
			PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC

Programación. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b d e f g i l n	B3.3. Ferramentas de creación de contidos da web 2.0.	B3.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, gráfica e multimedia.	PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC

**TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE**

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos.	1ª Avaliación.	Representa algoritmos mediante diagramas de fluxo.	Probas prácticas na aula.
	PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven.	Todas as avaliacións.	Resolve problemas sinxelos utilizando algoritmos.	Probas prácticas na aula.
	PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións.	Todas as avaliacións.	Resolve problemas sinxelos utilizando algoritmos.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.	Todas as avaliacións.	Analiza a estrutura dun programa informático, identificando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada e a súa función.	Probas prácticas co ordenador na aula.
2 3	PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.	1ª Avaliación.	Emprega as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación.	1ª Avaliación.	Emprega as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	1ª Avaliación.	Emprega as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	1ª Avaliacións.	Resolve problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións básicas.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	2ª Avaliación.	Resolve problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións iterativas.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes	2ª Avaliación.	Resolve problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando problemas máis pequenos susceptibles de	Probas prácticas co ordenador na aula.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	separadas.		seren programados como partes separadas	
2	PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	2ª Avaliación.	Resolve problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.	2ª Avaliación.	Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores .	2ª Avaliación.	Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando eventos, sensores.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	3ª Avaliación.	Verifica o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	3ª Avaliación.	Verifica o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	Probas prácticas co ordenador na aula.
3	PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas.	3ª Avaliación.	Recoñece os elementos das linguaxes de marcas na creación contidos accesibles.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas.	3ª Avaliación.	Recoñece os elementos das linguaxes de marcas na creación contidos accesibles.	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles.	3ª Avaliación.	Deseña e Elabora contidos susceptibles de ser publicados na web .	Probas prácticas co ordenador na aula.
	PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0.	3ª Avaliación.	Deseña e Elabora contidos susceptibles de ser publicados na web .	Probas prácticas co ordenador na aula.

## ***METODOLOXÍA***

### ASPECTOS XERAIS

De forma xeral, na aula traballarase competencialmente, partindo do nivel de competencia inicial do alumnado, e tendo en conta a forma de aprender de cadaquén.

Potenciarase a metodoloxía activa combinando:

- Traballo individual
- Traballo en grupo.

O uso das TIC será diario, contribuíndo a mellora da competencia dixital do alumnado.

O profesorado exercerá un papel de facilitador para que o alumnado sexa o protagonista na adquisición de coñecemento, gañando así en autonomía..

Vincularanse as tarefas competenciais con contextos reais próximos que permita establecer unha conexión co entorno vivencial do alumnado.

O enfoque estará orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Fomentarase o debate, discusión e argumentación de posturas sobre temas concretos de interese formativo para o alumnado, tendo sempre en conta o aspecto transversal da educación.

### TRABALLO NA AULA

O traballo na aula desenvolverase arredor do material de elaboración propia e subido na aula virtual a disposición do alumnado. O traballo será eminentemente práctico, seguindo o esquema de reolución de problemas.

Esta metodoloxía de traballo adáptase ao ensino presencial, semipresencial ou a distancia no caso de que fose necesario, tendo xa adquirido o alumnado a rutina de traballo para un hipotético caso de ensino telemático, co apoio da ferramenta de videoconferencia.

### ***MATERIAIS E RECURSOS***

Os materias estarán disposición do alumnado na aula virtual:

- Unidades didácticas de elaboración propia ou de terceiros
- Vídeos
- Artigos de interese
- Ordenadores da aula de tecnoloxía
- Taller de tecnoloxía

### ***CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO***

O alumnado será avaliado de acordo cos seguintes indicadores:

- Ata o 20% da nota en cada avaliación:
  - Comportamento na aula en relación cos compañeiros e co profesorado.
  - Aproveitamento e coidado do material audiovisual e informático.
  - Interese e participación.
- Ata o 50% da nota en cada avaliación:
  - Entrega en prazo dos exercicios ou proxectos realizados de maneira adecuada.
- Ata o 30% da nota en cada avaliación:
  - Realización de probas ou test.

En cada avaliación:

- O peso de cada nota individual nos diferentes apartados gardará relación co número de sesións invertidas no traballo da materia.
- No caso de que algunha das notas individuais sexa inferior a 3, poderá determinar unha avaliación suspensa.
- A recuperación de materia suspensa terá lugar con posterioridade a avaliación.
- A avaliación considérase aprobada se a media ponderada é igual ou superior a 5.

Avaliación de xuño

- A nota da avaliación común de xuño será a media das notas das tres avaliacións.
- A materia pode aprobarse en xuño cunha avaliación suspensa sempre e cando a nota desa avaliación sexa como mínimo un 4 e a media das tres avaliacións sexa como mínimo un 5.

Avaliación de setembro

- O alumnado que non aprobe a materia en xuño dispón da convocatoria extraordinaria de setembro para examinarse. Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar unha proba con parte práctica e un test

Contidos mínimos exixibles.

- a) Introducción a *Scratch*. Instalación
- b) Movemento dun obxecto pola pantalla
- c) Repetición de accións
- d) Definición y manipulación de fondos de escenario
- e) Definición e manipulación de obxectos e personaxes
- f) Definición do movemento simultáneo de obxectos diferentes

- g) Animación dun obxecto cambiando o disfraz
- h) Condicionamento do comportamento dos obxectos ao interactuar
- i) Creación de diálogos
- j) Control dos obxectos desde o teclado
- k) Creación e manexo de variables
- l) Creación de historias
- m) Implementación dun bucle dinámico
- n) Debuxo con *Scratch*
- o) Cambio da cor dun obxecto
- p) Creación de un videoxogo

### **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos.	Deseña algoritmos mediante diagramas de fluxo
PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven.	Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven.
PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións.	Segue algoritmos a partir de determinadas condicións.
PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.	Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.
PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.	Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.
PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación.	Nos programas, emprega elementos do contorno de traballo de programación.
PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	Nos programas, implementa algoritmos sinxelos.
PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	Nos programas, emprega elementos instrucións básicas.
PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	Nos programas, emprega estruturas iterativas e condicionais



ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	Analiza programas máis sinxelos como parte doutros complexos
PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	Explica estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións.
PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.	Emprega variables e estruturas de almacenamento ao realizar programas.
PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores .	Emprega eventos e sensores ao realizar programas.
PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	Segue condicións e segue programas
PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	Analiza programas e atopa os erros.

### 3.6. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN 4º de ESO

#### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	CC L	CMC CT	C D	CA A	CS C	CSI EE	CCE C
B1: Ética e estética na interacción en rede	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.			<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>		
	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección de información persoal.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
	Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.			<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
B2: Computadores, sistemas operativos e redes	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
	Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
	Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	CC L	CMC CT	C D	CA A	CS C	CSI EE	CCE C
	Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	☐	☐	☐		☐		

## **TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE**

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
1	Interactúa con hábitos adecuados en contornos Virtuais.	Todas as avaliacións.	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posúe hábitos adecuados para interactuar en contornos virtuais.</li> </ul>
	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección de información persoal.	Todas as avaliacións.	Emprega e lembra contrasinais seguros para a protección de información persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega contrasinais seguros.</li> <li>• Lembra os seus contrasinais.</li> </ul>
	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Todas as avaliacións.	Realiza actividades sobre a propiedade e o intercambio de información de maneira responsable.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece as licenzas Creative Commons.</li> <li>• Respecta a propiedade cando realiza intercambio de información.</li> </ul>
	Consulta distintas fontes enavega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Todas as avaliacións.	Navega pola rede consciente da súa identidade dixital, preservando a súa privacidad e cunha actitude de protección ante os intentos de fraude.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consulta fontes e navega con responsabilidade para preservar a súa identidade dixital.</li> <li>• Recoñece as páxinas de navegación segura.</li> </ul>
	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Todas as avaliacións.	Coñece as diferencias entre os materiais suxeitos a dereitos de autoría e os materiais de libre distribución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica os materiais con dereitos de autoría.</li> <li>• Coñece os diferentes tipos de licenzas Creative Commons.</li> <li>• Identifica os materiais de libre distribución.</li> </ul>
2	Realiza operacións básicas de organización e mantemento da información.	Todas as avaliacións.	Organiza e almacena a información de forma eficiente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organiza e almacena a información no portátil que ten asignado.</li> <li>• Realiza operacións básicas con carpetas e arquivos.</li> </ul>

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
	Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Todas as avaliacións.	Configura o portátil asignado eo equipamento da aula de informática ou do taller.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas en Windows.</li> <li>Prácticas en MS- DOS.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e utiliza comandos básicos de MS-DOS.</li> <li>Configura elementos básicos do sistema operativo.</li> <li>Configura elementos básicos de accesibilidade.</li> </ul>
	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Todas as avaliacións.	Instala e desinstala aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolve problemas vencellados ao sistema operativo e ás aplicacións a nivel de usuario.</li> </ul>
	Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Todas as avaliacións.	Emprega software que permita comunicación entre dispositivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Administra o portátil asignado de maneira responsable co fin de obter o maior rendemento.</li> <li>Coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.</li> </ul>
	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.		Identifica os principais compoñentes físicos dun ordenador e coñece as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica os principais compoñentes físicos dun computador, coñece as súas características, a súa función e como se conectan.</li> </ul>
	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.		Coñece diferentes formas de conexión para a comunicación entre dispositivos dixitais, tanto con fíos coma sen eles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Describe as formas de conexión na comunicación, con e sen fíos, entre dispositivos dixitais.</li> </ul>
3	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	Primeira avaliación.	Emprega aplicacións informáticas para elaborar e maquetar documentos de texto que incorporan táboas e imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas con procesador de texto.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega un procesador de texto para elaborar e maquetar documentos.</li> <li>Incorpora elementos como táboas, imaxes, fórmulas e gráficos nos seus documentos.</li> </ul>
	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Primeira avaliación.	Emprega follas de cálculo para o procesado de datos numéricos, e a presentación de resultados de carácter textual e gráfico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas con folla de cálculo.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega unha folla de cálculo para producir informes e procesar información.</li> <li>Incorpora elementos como fórmulas e gráficos nos seus informes.</li> </ul>

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
	Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Segunda avaliación.	Emprega bases de datos para almacenar, organizar e consultar a información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas con base de datos.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega unha base de datos para organizar a información e xerar documentos.</li> </ul>
	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Segunda avaliación.	Elabora presentacións que conteñen elementos multimedia, imaxe e texto, cuidando o deseño e a maquetaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de realización de presentacións.</li> <li>• Exposición de presentacións.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora presentacións que incorporan elementos multimedia, imaxe e texto.</li> <li>• Deseña e maqueta tendo presente o público ao que vai dirixido a presentación.</li> </ul>
	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Terceira avaliación.	Emprega software específico para capturar e editar a información, e crea novos materiais a partir da imaxe, o audio e o vídeo capturados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de captura de imaxe, audio e vídeo.</li> <li>• Prácticas de edición de imaxe, audio e vídeo con software específico.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo.</li> <li>• Emprega software específico para editar a información.</li> <li>• Crea novos materiais a partir da información adquirida.</li> </ul>
4	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Todas as avaliacións.	Intercambia información entre dispositivos físicos tendo en conta as súas características técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas con diferentes dispositivos físicos.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece diferentes dispositivos físicos, como se conectan e como intercambian información.</li> </ul>
	Coñece os riscos de seguridade e empregahábitos de protección adecuados.	Todas as avaliacións.	Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega hábitos de protección adecuados que permiten minimizar os riscos de seguridade.</li> </ul>
	Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Primeira avaliación.	Coñece a importancia e función dos antivirus e devasas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de utilización de antivirus e devasas.</li> <li>• Operacións de actualización de software de propósito xeral.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instala, actualiza e configura o software de propósito xeral do equipo.</li> <li>• Instala, actualiza e configura antivirus e devasas.</li> </ul>

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
5	Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Todas as avaliacións.	Utiliza as diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información coalumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas para compartir recursos e información en rede.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparte recursos e información en redes locais e internet.</li> </ul>
	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	Terceira avaliación.	Integra elementos en formato html.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de edición html.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integra elementos en formato html.</li> </ul>
	Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	Terceira avaliación.	Deseña páxinas web sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de deseño e publicación de contidos web.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseña páxinas web de acordo aos estándares de publicación e con respecto aos dereitos de propiedade.</li> </ul>
	Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	Todas as avaliacións.	Crea contido de forma colaborativa empregando ferramentas TIC de carácter social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas con ferramentas TIC de carácter social.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza ferramentas TIC de carácter social.</li> <li>• Participa de maneira colaborativa en diferentes contornos.</li> </ul>
6	Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Terceira avaliación.	Elabora materiais para a web accesibles dende diferentes dispositivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de elaboración de materiais para a web.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora materiais para a web que resultan accesibles dende diferentes dispositivos.</li> </ul>
	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	Todas as avaliacións.	Intercambia información en diferentes plataformas que requiren rexistro e que ofrecen servizos de formación, ocio,...	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación diaria.</li> <li>• Prácticas de intercambio de información en distintas plataformas.</li> <li>• Utilización ao longo de todo o curso das diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.</li> <li>• Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambia información en distintas plataformas de servizos.</li> <li>• Utiliza correctamente as plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.</li> </ul>



BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	Terceira avaliación.	Coñece a maneira de sincronizar información entre dispositivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas de sincronización entre dispositivos.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sincroniza información entre diferentes dispositivos.</li> </ul>
	Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	Todas as avaliacións.	Utiliza as diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas de participación en redes sociais.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e aplica criterios de seguridade para participar en redes sociais e preservar a súa privacidade.</li> </ul>
	Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	Terceira avaliación.	Aloxa materiais propios empregando canles de distribución e lígaos mediante hiperligazóns a outros contidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria.</li> <li>Prácticas de distribución de contidos multimedia.</li> <li>Probas de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aloxa contidos multimedia propios a través de canles de distribución.</li> <li>Liga materiais propios con outras producións.</li> </ul>

## **METODOLOXÍA**

### ASPECTOS XERAIS

De forma xeral, na aula traballarase competencialmente, partindo do nivel de competencia inicial do alumnado, e tendo en conta a forma de aprender de cadaquén.

Potenciarase a metodoloxía activa combinando:

- Traballo individual
- Traballo en grupo.

As clases serán eminentemente prácticas naqueles contidos procedimentais. Nos contidos máis teóricos fomentarase a investigación e aprender a aprender por parte do alumnado

O profesorado exercerá un papel de facilitador para que o alumnado sexa o protagonista na adquisición de coñecemento, gañando así en autonomía..

Vincularanse as tarefas competenciais con contextos reais próximos que permita establecer unha conexión co entorno vivencial do alumnado.

O enfoque estará orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Fomentarase o debate, discusión e argumentación de posturas sobre temas concretos de interese formativo para o alumnado, tendo sempre en conta o aspecto transversal da educación.

## TRABALLO NA AULA

O traballo na aula desenvolverase arredor do material de elaboración propia e subido na aula virtual a disposición do alumnado. O traballo será eminentemente práctico, seguindo o esquema de resolución de problemas.

Esta metodoloxía de traballo adáptase ao ensino presencial, semipresencial ou a distancia no caso de que fose necesario, tendo xa adquirido o alumnado a rutina de traballo para un hipotético caso de ensino telemático, co apoio da ferramenta de videoconferencia.

### ***MATERIAIS E RECURSOS***

Os materias estarán a disposición do alumnado na aula virtual:

- Unidades didácticas de elaboración propia ou de terceiros
- Vídeos
- Artigos de interese
- Tarefas propostas
- Recursos da aula de informática

## **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Os procedementos de avaliación participan na calificación de cada avaliación do modo seguinte:

Probas escritas	Ata un 20 %
Tarefas	Entre un 60 e un 80%
Actitude	10%
Comportamento e actitude	10%

A nota mínima para aprobar a avaliación será de 5.

Valoraranse con 0 puntos as actividades entregadas fóra do prazo establecido, as que amosen indicios de ter sido copiadas literalmente de internet ou doutros compañeiros/as e calquera outra circunstancia obxectiva pola que o profesorado considere que non procede avaliar ese traballo

### Recuperacións. Avaliación ordinaria e extraordinaria.

Os alumnos/as que non superen unha avaliación (nota inferior a 5) farán un exame de recuperación de contidos e/ou repetición de actividades non superadas. As novas actividades que se presenten deben ter un nivel de calidade suficiente para ser recuperables.

A calificación de comportamento non se modificará.

As probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación faranse sempre despois da entrega dos boletíns, nas primeiras datas do comezo do seguinte trimestre.

A recuperación do 3º trimestre, sendo o único suspenso, terá lugar no exame final de xuño.

A cualificación da **avaliación ordinaria de xuño** calcularase coa media das avaliacións parciais do curso, sempre e cando o alumno/a non teña máis dunha avaliación parcial suspensa e con nota non inferior a 3.

Os alumnos/as que non superen a materia coa nota media do curso, ou teñan máis dunha avaliación suspensa, realizarán en xuño unha proba final teórico/práctica con contidos de todas as avaliacións non superadas.

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño, realizarán unha **proba extraordinaria en setembro**, de tipo teórico/práctica, na que terán que examinarse de todos os contidos do curso.

## 4. PROGRAMACIÓNS BAC

### 4.1. IMAXE E SON 2º BAC

#### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS CLAVE

Imaxe e Son. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
Bloque 1. Recursos expresivos utilizados en producións audiovisuais				
b d g h n	<p>B1.1. Produción audiovisual:tipoloxía de xénero, intencionalidade comunicativa e códigos expresivos.</p> <p>B1.2. Características expresivas da imaxe: calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas.</p> <p>B1.3. Características expresivas nos dispositivos de captación de imaxe analóxicos e dixitais.</p> <p>B1.4. Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.</p> <p>B1.5. Conceptos espaciais da imaxe: valor expresivo e comunicativo. Campo e fóra de campo. Movemento interno e posta en escena.</p> <p>B1.6. Uso do son diexético e extradiexético. Voz en off.</p>	<p>B1.1. Analizar criticamente os recursos expresivos utilizados nas producións audiovisuais, relacionando as características funcionais e tipolóxicas coa consecución dos obxectivos comunicativos.</p>	<p>IS.1.1.1. Identifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de produtos audiovisuais, a partir da súa visión e da súa análise crítica.</p>	CSC
			<p>IS.1.1.2. Recoñece as características expresivas da imaxe fixa e móbil e as súas calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas, en composicións fotográficas e produtos audiovisuais multimedia e dos novos medios.</p>	CD
			<p>IS.1.1.3. Valora as consecuencias comunicativas da utilización formal e expresiva do encadramento, o ángulo de cámara e os seus movementos na resolución de diversas situacións audiovisuais.</p>	CSC
			<p>IS.1.1.4. Relaciona o valor expresivo e comunicativo dos conceptos espaciais da imaxe, tales como o campo, o fóra de campo e os movementos interno e externo dos planos, coa interpretación do relato audiovisual.</p>	CSC
Bloque 2. Análise de situacións audiovisuais				

	Imaxe e Son. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
	<p>B2.4. Efectos e signos de puntuación na transmisión comprensiva da mensaxe audiovisual.</p> <p>B2.5. Funcións da linguaxe. Fragmentación. Nonfragmentación. Construción dosignificado.</p> <p>B2.6. Influencia da técnica da montaxe e a edición na percepción do espazo e a temporalidade.</p>		IS.2.1.2. Diferencia as achegas máis significativas producidas na evolución histórica das teorías da montaxe audiovisual.	CD
			IS.2.1.3. Valora as consecuencias da aplicación das técnicas de montaxe fílmica no mantemento da continuidade narrativa, perceptiva, formal, de movemento, de acción e de dirección.	CCEC
			IS.2.1.4. Relaciona a funcionalidade narrativa e expresiva dos efectos e os signos de puntuación, así como a súa corrección técnica, coa transmisión comprensiva da mensaxe nunha produción audiovisual.	CAA
			IS.2.1.5. Xustifica as alternativas posibles na montaxe dun produto audiovisual, a partir da valoración do tratamento do tempo, do espazo e da idea ou contido.	CSIEE
	Bloque 3. Elaboración de guións audiovisuais			
b d g h m n	<p>B3.1. O guión como documento de traballo. Translación do texto á imaxe e ao son.</p> <p>B3.2. Guión audiovisual. Estrutura narrativa. Ideatématica. Escenas esecuencias.</p> <p>B3.3. Fases de creación dun guión.</p> <p>B3.4. Guión literario, guión técnico e storyboard.</p> <p>B3.5. Producción audiovisual multimedia: fases e persoal que intervéñ.</p> <p>B3.6. Guión audiovisual e guión de audiodescrición.</p>	<p>B3.1. Elaborar guións audiovisuais aplicando unha estrutura narrativa coherente coas posibilidades expresivas da imaxe, o son e a música.</p>	IS.3.1.1. Valora a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de guións audiovisuais.	CCEC
			IS.3.1.2. Caracteriza a estrutura narrativa e a idea temática dun guión audiovisual de ficción, a partir da análise dun proxecto achegado.	CAA
			IS.3.1.3. Constrúe o guión literario dunha determinada secuencia seguindo as fases estandarizadas nas producións audiovisuais: determinación da idea, documentación, storyline, argumento e tratamento.	CCL

Imaxe e Son. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
			IS.3.1.4. Realiza a transformación dunha secuencia dramática á estrutura propia dun guióntécnico e un storyboard.	CSIEE
			IS.3.1.5. Relaciona os procesos e as fases dunha produción audiovisual multimedia coas funcións do persoal técnico e artístico que intervéñ nesta.	CAA
			IS.3.1.6. Identifica as diferenzas e as semellanzas na construción de guiños audiovisuais e guiños de audiodescrición.	CCL
Bloque 4. Captación de imaxes fotográficas e de vídeo				
b d g h i m	B4.1. Sistemas e dispositivos de captación e reprodución visual. Percepción visual e funcionamento das cámaras fotográfica e de vídeo. B4.2. Iluminación da escena. B4.3. Composición e posta en escena: sentido estético e sentido narrativo. B4.4. Tipos de movementos de imaxe. Desprazamento do eixe e focal. B4.5. Aspectos técnicos da imaxe: distancia focal, temperatura de cor, exposición e resolución. B4.6. Tipoloxía de soportes audiovisuais e os seus formatos. B4.7. Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. B4.8. Resolución da imaxe e almacenamento.	B4.1. Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas e de vídeo, e reforzando a súa expresividade mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	IS.4.1.1. Compara o proceso de captación de imaxes do ollo humano e da percepción visual coa aplicación transferida aos sistemas de captación e reprodución visual.	CSC
			IS.4.1.2. Xustifica o efecto de iluminación das secuencias que se vaian captar polos sistemas técnicos audiovisuais.	CMCCT
			IS.4.1.3. Dispón os flashes fotográficos ou a iluminación lixeira necesaria para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica ou de vídeo.	CMCCT
			IS.4.1.4. Rexistra coa cámara de vídeo e coa fotográfica as tomas, os planos e as secuencias, e introduce os axustes necesarios de temperatura de cor, exposición, resolución, e os metadatos coa información necesaria para a súa identificación.	CMCCT
			IS.4.1.5. Elixe as alternativas apropiadas de rexistro en fita magnética, discos ópticos, tarxetas de memoria e discos duros que resulten idóneas para diversos tipos de filmación ou gravación audiovisual.	CMCCT
	B4.9. Dereitos de imaxe: Copyright e Copyleft. Cesión de dereitos de imaxe.	B4.2. Recoñecer os sistemas de xestión, distribución e protección de dereitos de autoría.	IS.4.2.1. Utiliza recursos audiovisuais de acordo coas leis de propiedade intelectual	CSC

Imaxe e Son. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
<b>Bloque 5. Tratamento dixital de imaxes</b>				
b d g h m n	B5.1. Axustes da imaxe fixa: balance de brancos, contraste, brillo e saturación. B5.2. Corrección de cor. B5.3. Correccións perspectivas da imaxe na posprodución.	B5.1. Realizar o tratamento dixital de imaxes valorando características de cor, formatos e contraste, e empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque de imaxe fixa.	IS.5.1.1. Corrixe anomalías dosorixinais de imaxe fixa, e realiza os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, adaptando o resultado ás características do medio ou soporte final das imaxes.	CMCCT
			IS.5.1.2. Adapta e axusta as imaxes ás características técnicas do medio ou soporte final, garantindo, de ser o caso, o rexistro espazo-temporal e a continuidade das secuencias de imaxes fixas necesarias para a elaboración do material visual.	CSIEE
			IS.5.1.3. Elabora a imaxe final do proxecto mediante a aplicación de transformacións xeométricas e efectos de perspectiva necesarios, empregando técnicas e ferramentas específicas de edición.	CMCCT
<b>Bloque 6. Edición de pezas visuais</b>				
b d g h m i	B6.1. Proceso de posprodución: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo, construción do significado e continuidade. B6.2. Elementos específicos da posprodución: transicións, efectos dixitais e sonorización. B6.3. Formatos e códigos para a exportación	B6.1. Editar pezas visuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, axustándoas a pezas musicais.	IS.6.1.1. Relaciona as especificacións técnicas e as calidades operativas do equipamento de Posprodución coas metodoloxías de montaxe e edición en proxectos de cine, vídeo e televisión.	CAA
			IS.6.1.2. Configura o proxecto de edición de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato axeitado ao material orixinal e á difusión final que se pretende no proxecto.	CSIEE



Imaxe e Son. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
n	de arquivos audiovisuais.		IS.6.1.3. Edita as pezas devídeo, as fotografías, os gráficos, os rótulos e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de edición, realizando transicións entre os planos, elaborando subtítulos, harmonizando o ton e sincronizando a duración da imaxe co audio.	CD
			IS.6.1.4. Exporta a peza visual de edición a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución.	CMCCT
